

# ¡TERRA A NOSA!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

15 cénts.



*Roxello Rivera*



*Telesforo Sestelo*



BLF - 58

Na casa d'o ciruxano

**CAMISERÍA :: GUANTERÍA**

**:: :: :: CORBATERÍA :: :: ::**

ESPECIALIDAD  
en camisas a medida  
y pijamas

**ENRIQUE ROCA**

**Real, 28 :: Sucursal: S. Andrés, 148**

**LA CORUÑA**

*TERRA A NOSA!*

Suplemento de EL NOROESTE

ANO I

| A CRUÑA, Xulio de 1919.

| VOLUME 14.

# Na Casa d'o Ciruxano

XOGUETE CÓMICO

ORIXINAL DE

ROXELIO RIVERO e TELESFORO SESTELO

Esta obra foi estreada o 25 de Marzo de 1919  
no Teatro Tamberlick, de Vigo



A CRUÑA

Tipografía d'EL NOROESTE

Real, 26



*À Narciso Goy*

*En proba d'o grande afeu-  
to que lle profesamos.*

*Os Autores.*

LIBRARY OF THE  
MUSEUM OF NATURAL HISTORY  
LONDON



# NA CASA D'O CIRUXANO

## ESCENA I

O escenario represent'a cociña d'a casa d'o ciruxano, que ven send'unha cociña com-outra calquera, co-a diferenca de que n'esta o mesmo se guisa un carneiro que se receita un xarabe ou unhas cataprasmas. Pois ben; n'esta cociña hay duas portas, unha ô foro y-outr'â esquerda. Entr'as duas portas está a lareira, e'unha boa chaminea de pedra. Na câmpa desta chaminea hay moitos chourizos pendurados, chourizos qu-o prúbico non «cheira» hastra que a obra o indica. N'o espacio que media entr'a porta d'a esquerda y-a concha, mesmamente pegada, hay unha mesa coase negra, mais ben que pol'o bernís ou pintura que pudo levar cando a fixeron, pol'o fume d'a cociña. Ha d'haber en col d'esta mesa media dúcia de libros vellos, unha calivera, un tinteiro, unha vela a medio arder n'a boca d'unha botella, o rabo d'un cabalo pendurado n'o tabique, y-unhas grandes tisouras d'esas

que sirven pra esquilar os burros. N'a banda de-  
reita d'o escenario, vése unha mesa de comedor  
capás pra oito personas, co-as suas cadeiras en ro-  
da. Entr'a cociña y-a porta d'o foro estará o cun-  
queiro, con algúns enseres de cociña, tales como  
cazolas, pratos, cuncas, pucheiros de barro, eicéte-  
ra. Ó lado dereito d'a porta d'o foro, é perciso que  
haxa unha ventana. Dereita y-esquerda, as d'o es-  
peitador. E de noite. Aparece Pilaira acabando de  
pol'a cea.

### PILAIRA

Isto xa está como Dios manda. E poida que non  
me levase nin dous minutos. Non sey cómo fan ou-  
tras que dan'as catro d'a tarde e inda non teñen fei-  
to un pote de caldo pra lle dar os seus fillos. An-  
dan d'aquí pr'ali... un pouco cosen, outro pouco  
fian... Comezan vinte traballos pra non arrematar  
ningun. ¡Son unhas mangoleteiras, unhas desleixa-  
das que non merecen nin o pan que comen! Por  
algo di a xente: «Non hay muller tan disposta  
com'a d'o ciruxano». ¡Y-e verdade...! Eu, n'a vol-  
ta d'uha man poñ'a casa com'unha prata. E sin  
me matar nada. (Chamando). ¡Mingos...! Paréce-  
me que anda xente ahí, mais non debe ser él. Si  
cadra é ó can, que se deitou n'o follato que hay  
n'o corredor. O pior é que a cea enfría, e despois non  
presta pra nada. (Pausa). Xa vay tardando ben...  
Tal ves non estívese n'a casa. ¡Ay, Dios mio,  
cánto se sofre por un home! Solo queréndolle  
como ll-eu quero a ése, pode unha muller pasar o  
qu'eu paso. Eu debia d'estar casada con él e non  
con ese xuvenco que me levou a igreja. ¡Non séy  
xiquera cómo lle miro pr'a cara...! Levántase pol'a  
mañán, monta n'a burra, e vel-o ahí vay de porta  
en porta, receipt'aquí, receipt'acolé... Este sanda,  
a aquél entérrano, pra chegar a noite berrando co-



m'un becerro, farto com'unha besta, con trinta ralyales n'a bolsa y-un cabazo de viño n-o fol. ¡Mais o outro, o meu Clemente... o meu verdadeiro home non ten pra min sinon faliñas tenras, mimos e cortesías. (Escoitando). Seica xa ven ahi.

## ESCENA II

PILARA e MINGOS

(Pel'o foro). ¿Tardey moito?

PILAIRA

Xa coidey que non viñas.

MINGOS

Perguntey por él n'a casa, dixéronme que non estaba, y-estonces esperei a que viñese.

PILAIRA

E ¿qué che dixo?

MINGOS

Que iba mudal-o calzado e que xa safa aqui.

PILAIRA

Debeu poñers'alegre cando te viu...

MINGOS

Pois non'o demostrou.

PILAIRA

¿E logo?

MINGOS

Díxome qu'estas raposadas inda lle habían de dar que sentir ós dous. «Esta noite vou, respondeu

él, mais que non conte comigo alá outra ves, qu'eu non estou pra deixal'a pelica n'as mans d'aquel salvaxe d'o ciruxano. Ela que gobern'a sua vida, qu'eu tamén gobernarei a miña, pois son un home casado e non estou pra me compormeter por vía de nin-guém».

PILAIRA

¡Oll-o cara de burro cómo fala...! ¡Non se lem-bra él d'as veces que lle matei a fame, d'os ferrados de millo que lle din pra mantel'os fillos, nin d'os corenta pesos que levou pra mercal-os becerros que ten n'a corte...! Algúns homes non saben agradecer a Dios a sorte que teñen.

MINGOS

¡Iso digo eu!

PILAIRA

Non se pode facer ben a nada, Mingos. Estamos n'un tempo, que hastr'os mesmos probes que veñen pol'a porta, entenden qu-o que se lles dá e por obrigación.

MINGOS

Iso é tan verdade com'o dice. **(Con intención).** En cambio a fortuna foxe d'os que temos bó corazón e somos agradecidos.

PILAIRA

Pois iso; os que teñen bós sentimentos morren n'un hospital.

MINGOS

¡Sempre foy!

PILAIRA

Mais olla, como tarde un pouco máis, sentámonos á mesa e ceamos, pra que relouque cando chegue e vexa que non esperamos por él.

## MINGOS

(Inda él crebe unha perna n'o camiño) ¡Que sorte teñen algúns mandicantes...! Esta muller facíame falta a min, pra me dar boa vida e mais pra que nunca me faltas' un peso n'a faltriqueira). Xa seica está ahi (Vaise).

## ESCENA III

PILAIRA e CLIMENTE

CLIMENTE

(Saindo pol'a ventana c-os zapatos n-unha man e un sombreiro de palla n'a outra). ¿Estás sola..?

PILAIRA

Estou, anda pra diante.

CLIMENTE

¡Oll'o ben...!

PILAIRA

¡Si, home, si, estou sola... ¡Moito medo tes...!

CLIMENTE

E debo tel-o, por que ti non te casaches c'un home, casácheste c'un lobo d'eses que nacen n'a serra antre toxos e penedos.

PILAIRA

Pois olla, ruin como é, inda non ten ningunha pelica ó fume.

CLIMENTE

Tal ves queiras que sea a miña a primeira, porque as tuas valentías non poden traer cousa boa.

(Pous'os zapatos no chan). ¡O que vale é qu'esta noite acabase todo isto...!

PILAIRA

Como ti queiras, qu'eu atrás de tí non hey d'ir.

CLIMENTE

Nin fay falta tampouco.

PILAIRA

¡Moi anoxado ves hoxe, seica non ch'andan as cousas o dereito!

CLIMENTE

Non é moito. Pois ¿quén che dixu qu'eu estou obrigado a pasar pol'as parvalladas que ti fas? Un día mándasme recado por unha veciña, outro día pol'o criado d'a casa. ¿Ti coidas qu'estas cousas non se han de chegar saber...? A veciña non te descobre mentras lle dás algo, ou te levas ben con ela; y-o criado cala en canto non say d'a casa, que despois contará o que sabe y-o que non sabe tamén.

PILAIRA

Si te deixaras d'iso e te sentaras a cear, mellor che fora. ¿A qué ves aquí con esas cousas? Seica non abondou o que lle dixech-o criado n'a tua casa. Pois olla, toparás moitas mulleres pol'o mundo que che fagan caso, que se fien n'as tuas lerias e que te queiran; mais unha que tanto sospire por tí nin que sea capás d'espoñel'a sua vida porque nada che falte a ti nin os teus fillos, non'a topas anque vivas cen anos. E pois, ¿qué coidaches? Si xa te cansaches de min, si xa tes outra que che conveña máis que eu, deixame cándoo queiras, anque teña que morrer n'o medio d'estas catro paredes. (Fay que limp'as bágoas c'unha punta d'o mandil).

CLIMENTE

¡E mais inda non'o fas muy mal pr'o tempo que tes! (Pon'o sombreiro e séntase).

PILAIRA

Búrate canto queiras, pois quizáis algun dia te lembres d'o qu'agora che digo. ¡Mália quen se fia n'os homes e mais quen d'eles caso fay...!

CLIMENTE

Olla Pilaira, eu xa pasey o mar duas veces, xa non son ningún rapáz. Déixate de lamentacións, pois total'as mulleres sodes o mesmo. Sempr'estades dicindo qu-os homes vos enganan, que son uns treidores, y-o que pasa é que non vos enganan, sinon que estades rabeando por vos deixar enganar.

PILAIRA

Ti falas de farto.

CLIMENTE

Eu falo a verdade.

PILAIRA.

E ¿pra qué ves esta noite a facerme padecer?

CLIMENTE

E ¿pra qué fas ti os medios de qu'o teu home me mate aquí dentro coma quen mata unha raposa? Ben sabes qu'é máis bruto que a cañota d'un carballo. ¿Pra qué me mandas vir aquí?

PILAIRA

Pra demostrarche que che quero, pra que saibas que non podo vivir sin estar a tua veira.

CLIMENTE

Boeno, pois que me queiras que non, a esta casa non volvo. ¡E con isto acabei!

PILAIRA

¡Fas ben, qu'asi tamén acaban pra min todol-os traballos e todal'as penurias d'esta miserable vida...! (Volv'a limpal'os ollos c-o mandil).

CLIMENTE

Estonces ¿qué pensas facer?

PILAIRA

¡Zamparme de cabez-o pozo!

CLIMENTE

¡Pois non che me parece mala ideya...! Mais olla, non te esquezas de amarrar unha boa pedr-o pescozo. ¡Non sea o diaño qu'inda che dea por sair pra fora!

PILAIRA

¡Ay Dios mio, qué disgraciada nacín...!

CLIMENTE

(Destapand'o prato en qu'est'a cea, sin reparar n-o que Pilaira fala). ¿Sabes que cheira isto que rabea?

PILAIRA

(Como si non houbera pasado nada). E raxo de porco, que ben séy que che gusta. Mais agora xa ha de estar frio.

CLIMENTE

O mesmo dá. Tratándose de raxo, esquénzome de todo. ¡Hastra d'o burro d'o teu home...! (**Dispoñendos'a cear**). Bota pr'acá ese coitelo. (**Síntese petar fora**).

PILAIRA

Seica petan n'o portal...

CLIMENTE

¡Estamos perdidos! ¡Ese ladrón mátanos! Adiós miña muller; adiós, fillos d'a miña y-alma, lembraivos de voso pay. que vay morrer n'as mans d'un xudeu! (**Métese debaixo d-a mesa, namentras Pilaira se dirix'a porta d'o foro**).

PILAIRA

¿Quén díaño pet'ahí fora? (**Vaise**).

CLIMENTE

¡Isto xa m'o dab'o corpo ¡Ay, ónde vin eu morrer esta noite...! ¿Qué vay ser d'os meus fillos? ¿Qué vay ser d'a miña xentiña toda...? ¡Dios mio, Dios mio, qué cedo che me com'a terra...! ¡E todo por vía d'unha peliqueira, d'un zarapallo...! ¡Ay xa parece que teñ-o ciruxano en col de min! (**Entra Pilaira**). Xa está él ahí. Vou fechal'os ollos pra non vel'a morte... ¡Ay, eu xa morrin...! (**Estírase pol'o sobrado adiante como si verdadeiramente estivese morto**).

PILAIRA

¡Climente! ¡Climente! Erguete d'ese chan, que quen petou non foy él... foy Rosiña d'o Laxe.

CLIMENTE

(**Tratando d'erguerse**). ¡Contra unha laxe quierache espatolad'a ti a cabeza e mais ô teu home tamén! ¿E qué viña a buscar esa galistreira?

PILAIRA

Medía dúcia de hovos, pois dis que lle chegou esta noit-o home de Lisboa, e non ten qué lle dar de cear.

CLIMENTE

Poida que non viñese solo pol'os hovos, qu'ela tamén é moi amiga de sabel'o qué pasa n'a casa d'os veciños.

PILAIRA

¡Eres ben malicioso, vállate Nosa Señora...!

CLIMENTE

Eu son quén estou aquí. ¿Sabes que máis? Vou-me sentar e cear, e anque veña o burro d'o teu home, ou veña unha parexa de civiles, non me levanto d'o sitio.

BILAIRA

Iso er-o que debías facer. Anda, vay botando n'o teu prato. (Séntase o lado d-el).

CLIMENTE

Olla, ti ben sabes qu'eu inda non porvey o viño, pol'o tanto non podes dicir qu'estou borracho. Pois ben, si o teu home cheg-a vir, soced'o que soceda, eu non sayo d'aquí. Si él é valente eu tamén non son froxo. ¿Que pode ser? ¿Que un d'os dous qued'aquí estirado? Pois... en tal dia fará un ano.

PILAIRA

¡Si cearas e te deixaras de lérias...!

CLIMENTE

Teño dito. Si ven o teu home, e podo fuxir pra non te compormeter, fuxo; pero si non me dá tem-



po... hoxe hay aqui unha morte. (Pequena pausa).  
Olla, ¿ónde están os meus zapatos?

PILAIRA

Estanch'aqui. ¿Quérelos poñer?

CLIMENTE

Non, que pra baixar pol'a ventana teño qu'ir  
descalzo. ¿E ti qué fás, que non ceas?

PILAIRA

En canto ti non comezas, eu non lle poñ'a man.

CLIMENTE

Pois vamos alá.

PILAIRA

Ahi tes xa'o prato.

CLIMENTE

¡Qué bó debe de estar isto... Mesmo cheira  
que dá xénio.

PILAIRA

Cala, que parece que ven xente ahi... (Escoitan  
os dous. Climente queda co-a pirmeira tallada es-  
petada n-o tenedor sin estrevers'a leval'a boca).  
¡E é!...! ¿Non sintel'a mula? (Erguense e vanse  
dereitos o foro. Climente mira pra todol'os lados  
buscando onde se esconder. Por último, sóbes'a  
cocifia e métese pol'a chaminea pr-arriba).

CLIMENTE

¿Eu non ch-o dixen...? ¡Ti érel'a miña perdi-  
ción! ¡Ay, mellor quero morrer aqui abafado, que  
m'as uñas d'ese can de mal!

PILAIRA

Non sayas hastra qu'eu te chame.

CLIMENTE

¡Eu hey de sair mais ha de ser cando me levan  
pr'o ciminterio...!

PILAIRA

Cala, que xa está aqui.

## ESCENA IV

DITOS e don FOLIPE

D. FOLIPE

Don Folipe tray n'a man a cabezada d'a mula  
e colgá n'o mesmo cravo en qu'está o rabo do caba-  
lo. Este don Folipe e o home mais bruto que Dios  
zampou a este mundo; e o ser mais perfeito antr'o  
cabalo y-o home; e un verdadeiro ciruxano). ¿Per-  
guntou alguén por min?

PILAIRA

Non, hoxe non veu nada.

D. FOLIPE

¿Y-o criado? ¿Onde vay ese mandincante?

PILAIRA

Estará botándolle de comer o gando.

D. FOLIPE

¿Y-estes zapatos? ¿Que fan aqui estes zapatos?

PILAIRA

Eses zapatos merqueinos hoxe pra ti.

D. FOLIPE

Mercar logo se merca, o caso é ter con qué. E si agora non me servisen?

PILAIRA

Han de servirche si Dios quer.

D. FOLIPE

¿E si non me servisen?

PILAIRA

Mentras non os calces non se pode saber.

D. FOLIPE

¿E si os poño e non me están ben...? **Reparando n-eles**). Mais, xa non son novos.

PILAIRA

Non importa. Podes poñelos, que son de xente limpa.

D. FOLIPE

¿Qué sabes ti d'iso? Pra ti todo o mundo está limpo e si cada quen ch'os vendeu está atacado d'enfermedás «afeutuosas», porducidas por el «bacillus variavilis bacterium Finkle, que consiste en una corrupción jranulienta en el cuero veloso de la piel externa, interesando las jastriculosas malinjástricas de las paraplegias arquitrústicas». Asi fal'a céncea, y-o que a céncea dice... ¡Boeno, ti d'estas cousas non entendes! Vay desaparellal'a mula, qu'ese lacazán non acaba de chegar. E fay por vir logo pra cear.

PILAIRA

Cea ti, qu'eu non teño vontade. (¡Calquera se pon a cear, sabendo que dentro d'esa chaminea está un anaco d'a miña y-alma). (Vaise).

D. FOLIPE

(Sentándose o pe d'a mesa). A ver que hay por aquí. Non teñ'o corpo pra estas graxumadas. Tomarey un pouco de té ou unha cunca de caldo. Pol'a noite tampouco convén atracar moit-o estrómago de sustancias «grasicolas y astrinjóticas», sobre todo si son extraidas de la región lumbática del ganado cerdícola... Boeno vou ver qué tal me sentan estes zapatos, pois de calquera maneira, o diñeiro xa está gastado. (Pónse a calzalos. Este traballo debe durar o menos tempo posibre, porque si o prubico se cansa de esperar, quen vay ter que se descalzar somos ncs, mais é pra fuxir). E máis parece que me sirven. Cousa rara, porque cand'unha muller fay calquera cousa ben, xa se pode poñer n'os preódicos. (Levántase e pasea pol'o escenario ollando pr'os zapatos). Pois éstes xa non me san d'os pés hastra que se esbandallen. Mesmo parece que foron feitos pra min. ¡Vaya, pois... a miña parenta inda che tivo un bó acerto...! ¡Estánme a pimpi-nela!

ESCENA VI

D. FOLIPE e MINGOS

MINGOS

(Entrando pol'o foro). ¡Boas noites lle dea Dios!

D. FOLIPE

¿De dónde ves tí, deputado?

MINGOS

Veño d'ahi...

D. FOLIPE

Pero, ¿de dónde rayo ves ti d'estas horas?

MINGOS

Veño d'ahi... d'ahi fora.

D. FOLIPE

¿Y-o gando ten herba?

MINGOS

Felismente.

D. FOLIPE

E ¿gardach'as ovellas?

MINGOS

Gardei, felismente.

D. FOLIPE

¿Desaparelláchel'a mula?

MINGOS

A mula... felismente...

D. FOLIPE

¿Qué centella é iso de tanto felismente? As ovellas paréceme qu'erán unhas qu'andaban n'o camiño cando eu cheguei; os bois tal ves estean sin comida, cómo socedeu ont'a noite; y-a burra tivo que acomodal'a Pilaira... Estonces, ¿qué «felismenta» ven á ser ése que ti gastas esta noite? O que me parece a min, é que n'esta casa, onde levaxa catro anos, o úneco que o está pasando felismente eres ti.

MINGOS

Pois olle... si non lle conveño...

D. FOLIPE

Cando non me conveñas, ben séy o qué teño que facer, partírch'un brazo, ferrárch'un par de couces e prantarte fora d-a porta. Anda, séntate e cea, que unha cousa non ten qué ver co-a outra.

MINGOS

Eu non teño vontade de cear.

D. FOLIPE

¡Non tes vontade, non tes vontade...! ¿ti qué rayo sabel'o qué tes? Ceas agora mesmo, porque mando eu. Non quero que vayas dicindo por ahi, cando sayas d'esta casa, qu'o ciruxano non che daba de comer. ¡Olla: pr'os fillos e pr'os criados, o pan n'unha man y-o pau n'a outra! Así rez'o o refrán. De maneira qu x-o sabes: agora comes todo iso, e d'aqui a un pouco, si cadra, métoche duas costelas adentro d'un trancazo. ¡Teño dito! Séntese agora mesmo a mesa, que despois xa lle contaréi un conto. **(Mingos séntase e come)**. Coidas qu'eu non conezo as tuas raposadas, qu'eu non séy a tua vida, mais estás enganado, pois a min non falta quen me poñ'o tanto d-o que pasa n'a parroquea. «O ciruxano é un parvo, un animal, que xiquera se fixa n'o qu'eu fago nin n'as aldraxadas que cometo con unhas e con outras». Isto dícelo ti pr'as tuas zocas, mais quen vive n-o mundo c'os ollos fechados com'unha toupeira eres ti. **(Transición)**. Olla, deputado, ¿qué tratos tes ti co-a filla de Chuca d'o Chilindrán?

MINGOS

Ninguns.

D. FOLIPE

Estonces, ¿ pra qu'andiveches máis d'un ano rondándoll'a porta?

MINGOS

Eu solo fun alá catro ou cinco veces.

D. FOLIPE

¡ Iso cada noite! Pois as duas y-as catro d'a mañán sentíate eu entrar. E viñas n'as puntas d'os pés, como dicindo: «Este ciruxano é tan animal que nin xiquera me sinte». ¿ E verdade ou non...?

MINGOS

Eu nunca dixen iso.

D. FOLIPE

Boeno, pois que o diceses que non, o qu'eu che digo a ti é que tes que casarte con esa rapaza, pois ninguén che mandou poñela n'o estado en que s'alcontra.

MINGOS

Eu, felismente, non fun.

D. FOLIPE

Pero, ¿ ti pertendes mofarte de min esta noite, ou qué rebolin pertendes? Si volves a repetir esa palabra diante de min, férroch'un couce n'os riñons, que hastra che saltan'as cravícolas pra fora. ¡ Que non foches ti, que non foches ti...! Estonces ¿ quén foy o que a puxo así...? ¡ Inda erés capás de dicir que fun eu...! Así sodel'os mocíños d'agora, que tanto vos dá ter tratos con solteiras como con

casadas, o mesmo. En cambio, fáltavos coraxe e nobreza pra responder d'os vossos feitos. ¡Había de ser comigo, recorcio...! Boeno, comigo xa non porqu'a miña muller non é como máis de catro zarpallos qu'andan por ahi; pero si fose, o mandicante que a min m'a ferrase, non comía máis pan. A ela non lle facía nada, porque a muller non ten culpa ningunha; fay o mal, porque a buscan e porque a compormeten; máis a él, o que de min se bulrase, d'o pirmeiro machadazo a cabeza habíalle de saltar como d'aqui acolá... (O dicir isto, o sombreiro de Climente cay en col d'a pedra d'a cociña). Xúroch'o pol'o nome que teño. Mais vos, dades con catro galopins e facedes canto vos apetece.

## ESCENA VII

### DITOS e PILAIRA

¿Pero, home, qué sempre has d'estar berrando...! ¿Qué dirán os veciños?

#### D. FOLIPE

Que digan'o qué queiran; eu si berro é n'a miña casa. E ti, ¿qué estivecheś a facer tanto tempo alá fora? Xa non contaba contigo esta noite.

#### PILAIRA

Estoncés, ¿ónde había de dormir?

#### D. FOLIPE

N'a corte co-a mula.

#### MINGOS

(Con ela debías dormir ti, porco espiño).



PILAIRA

¡Tes razón... Boeno, hay que ouvir de todo.

D. FOLIPE

Pois é verdade. Pra lle quitál'albarda, non é perciso tardar tanto. Mais quén ten'a culpa de todo isto ben séy quén é. Si este deputado estives aquí cando cheguei, como er-o seu deber, xa estabamos libres d'estes despiques. Pero él non entende d'isto; pr'o que ten maña é pra rondarll'a porta a Chueca d'o Chilindrán.

PILAIRA

Agora xa non perd'o tempo por alá.

D. FOLIPE

O tempo xa séy que o aporveita ben... ¡Como qu'a rapaza xa anda n'os seis meses...!

PILAIRA

Olla, non ch'é cousa de Mingos, porque despois d'él andivo alá o fillo d'a Rabela, e xa sabes qu'ese rapás non é a pirmeira que fay.

D. FOLIPE

¡Tamén este é un bó raposo! Mais eu xa lle dixen que como fose él, ten que cargar con ela, porque non consinto que ningun criado meu faga semeixantes barrabasadas. (Transición. A Pilaira). Seica é mellor que me fagas un pouco de té.

PILAIRA

Non che hay ningun. O último que quedaba, tomeino esta mañán, pois non me topaba ben d'o estrómago.

D. FOLIPE

Estonces quéntame un pouco de caldo.

PILAIRA

Xa non ha d'estar bó.

D. FOLIPE

Non te importes. Arránxam'unha cunca d-él.

PILAIRA

Pero, home, ¿non ves que xa é d'onte e debe d'estar acedo?

D. FOLIPE

Pois que sea d'onte, que sea d'o ano pasado, quero comer unha cunca d-él antes de m'ir deitar.

PILAIRA

¡Vállame Nosa Señora, pr'o qué che deu...!

D. FOLIPE

¡Teño dito! Non me deito sin comel'o caldo.

PILAIRA

Olla, pra che decil'a verdade, xa andivo o gato n-él.

D. FOLIPE

¡Como si andivera tamén'o can...! ¡Recorcio, algun dia se ha de facel'o qu'eu mande! E si non quéntal'o caldo, mángocho pote pol'a cabeza.

PILAIRA

Non ch'abondou o que berraches c-o criado, y-agora comenzas comigo.

D. FOLIPE

Xa se ve que si. Estás acostumada a saír sempre co-a tua, e hoxe empéñom'eu en qu'has de facel'ó qu'eu digo.

PILAIRA

Está ben, home, está ben. Non berres, que xa te vas hencher de caldo.

D. FOLIPE

Si me hey d'hencher ou non, iso é conta miña; mais ti fas o qué che mandan. (Pilaira vaise dereit'a cociña).

PILAIRA

(¡Ay, Dios mio, d'esta noite sí que non escapamos! Agora, en canto eu faga un pouco de fume, Climente bótase a baixo y-este salvaxe mátanos). (Pilaira coll'o sombreiro de Climente, qu-esta en col d'a lareira, méteo debaixo do mandil e tira con él pol'a ventana por onde entrou Climente. Despois fay qu'escoita, virase pra ond'estan o home y-o criado e dice:). Paréceme qu'anda xente n'a bodega. Seica é mellor que vayades a baixo.

D. FOLIPE

E ti ¿ouviches algo?

PILAIRA

Parece que sentin rinchal'a fechadura.

D. FOLIPE

Mingos, vay buscal'as escopetas. (Vaise Mingos pol'a esquerda, aparecendo logo c-unha escopeta d'un cano y-outra de dous. Mentras non ven, don Folipe vay dereito a ventana e ponse a espreitar).

PILAIRA

(¡Ay, alabado sea el Señor, que xa vou sair d'o aperto en qu'estou metida!).

D. FOLIPE

(Arretirándose d'a ventana). Eu non sinto nada.

MINGOS

Aquí están as carabinas.

D. FOLIPE

Bota pr'acá esa de dous canos. ¿Están carregadas?

MINGOS

Eu entendo que si.

D. FOLIPE

Pois anda comigo. (Salen pol'o foro. Pilaira o primeiro que fay e mata'l'o lume d'a cocíña, despois espreita pol'a porta d'o foro. Cando entende que xa van lonxe, dirixese corrend'a cocíña).

PILAIRA

¡Baixa, Climentíño; baixa por Dios, que xa van n'o fondo d'o eido ¡Ay, qué noite pasache, miña prenda...! ¡Qué noite pasamol'os dous...! Cando hoxe non morremos, xa non morremos nunca, meu anxo. (Mentras Pilaira dice todo isto, baixa Climente. Vénselle algúns farruscos n'a cara e mais n'as mans; pero non han de ser tantos e-o prúbico poida confundilo co-a parrumeira d'un forno. Tan asombrado está que xa coase non certa co-a porta). Olla... Escóita...

CLIMENTE

(Dándoll'un empuxón). ¡Tírate de diante, mala burra...! (Cando cheg'a porta d'o foro, vírase

pr'a tras e dice:). ¡Adiós, hastra nunca! (Vaise; mais inda ben non desaparece, cando descarregan un tiro ala fora).

PILAIRA

¡Dios mio! ¡X-o mataron...! (Inda non acababa de dicil'a última palabra, entrou Climente correndo, medio morto de medo e coase sin fala). ¡Ay, nunca ti naceras... ¿E ti volves pra dentro...? (Climente, que non quere meterse outra ves n-a chaminea, non para de dar voltas buscando un novo escondrixo. Convencido de que non'o hay, séntase).

CLIMENTE

¡Eu xa non podo máis! ¡Que veña él! ¡Que veña...! ¡Xa non m'importa morrer!

D. FOLIPE

(Desde a porta d'o foro, mais sin qu'o prúbico vexa). ¡Mingos...! (Erguese Climente, e vaise dreito a cociña correndo como si levara tres dúcias de cans detrás d-el. Agarras-o pau que antes lle servira pra subir, n-o qu-están penduradas mais de duas dúcias de chourizos; mais é tan fort-o repelon que da cando se colga, qu'o pau creba, é cay en col da lareira, y-os chourizos veñenselle todos enriba. Debemos adevirtir qu-o prúbico non sabía nada d'os chourizos antes d'agora).

PILAIRA

(Botand'as mans a cabeza). ¡Ay, agora si qu'é a nosa...!

D. FOLIPE

(Desde fora). ¡Mingos, dá unha volta pol'a cabeceira d'o eido e zamp'outro tiro o aire! (Mentras don Foliipe falou, Pilaira entretúvose en axudar a

erguer a Climente, quen estaba todo enzarapallado c-os chourizos. Entra don Felipe pol'o foro. Climente está de pe xunt'a cociña. Pilaira, con moita serenidade, como si nada malo pudiese temer, fuchica n'a toalla, tal como si pensara en recollel'a mesa).

## ESCENA VIII

DITOS e DON FOLIFE

CLIMENTE

(O ver entrar a don Felipe). ¡Ay...! ¡Máteme! ¡Máteme, don Felipe, non me faga padecer... ¡Férrem'un tiro! ¡Un tiro con esa carabina...!

D. FOLIFE

¡Recorcio! ¿Ti que rayo tes?

CLIMENTE

¡Non me pregunte nada! ¡Máteme! ¡Máteme, qu'eu xa estou de máis n'o mundo!

D. FOLIFE

¿Pero ti de dónde centella saiche con esa cara?

CLIMENTE

¡Non séy de dónde saín! ¡Eu non séy nada...! ¡Férrem'un tiro, don Felipe, un tiro, anque sea n'a cabeza!

D. FOLIFE

(A Pilaira) ¿Ti sabes por qué berra tanto este condanado?

PILAIRA

Segun me contou, ten un dolor de dentes qu-o probe adoece. (Climente, dándose conta de qu-o que

dixo Pilaira pode ser a salvación d'os dous, trata de finxir que se queixa pol'o tal delor de dentes).

CLIMENTE

¡Ay, eu morro... eu adoezo...!

D. FOLIPE

(**A Climente**). A ver qué tes n'esa boca. Séntate n'esta cadeira.

## ESCENA ÚLTIMA

DITOS e MINGOS. (Este entra c-o sombreiro de Climente n'a man).

PILAIRA

(**A Climente**). ¡Séntate, home, séntate, que non che fay mall (**Aparte**). (¡Isto foy obra del Señor, que sempre protex'os inocentes!).

D. FOLIPE

Pilaira, tray pr'acá ese candil. (**A Mingos**). Ti... lacazán, vay buscal'os ferros.

MINGOS

Señor Climente, a vostede quedoull'o sombreiro alá fora.

D. FOLIPE

¡Pois tira con él...! (**Mingos vaise pol'a esquerda, despois de pousal'o sombreiro enriba d-a lareira. Pilaira alumea c-o candil. Don Folipe ensamina-l'a boc-a Climente**). Boeno, pois vay porparándote, que che teño que zampar tres mós fora.

CLIMENTE

¡Por Dios, déixeme, don Folipe! Mañán volvo por aquí e sácamas todas. Agora xa me aliviaron.

PILAIRA

Tal ves fose mellor, que de noite nunca salen ben as cousas.

D. FOLIPE

O que se fay pol'o dia, tamén se pode facer pol'a noite. **(Entra Mingos)**. ¡Ti alumea ben, non sea o conto que lle pille unha enxiba ou unha mandingola c-os ferros, porqu'estonces si que queda arraxado pra tod'a a sua vida...! **(A Mingos)**. Bota iso pr'acá.

CLIMENTE

¡Déixeme, don Folipe! ¡Pol'a y-alma de sua nai déixeme esta noite ¡Págoll'o seu traballo e déixeme! ¡Mañán volvo...!

D. FOLIPE

Si non calas, métoch'os ferros n'os ollos.

PILAIRA

Home, xa que non quere, deix-o en pas. ¡Vállate el Señor! Eres más terco qu-o «aquele» qu'está n'o cortello.

D. FOLIPE

Olla, solo por esta fala qu'agora me largache, anque soubese que me morría n as mans, e que tiña eu qu'ir parar a un persidio, non'o deixaba sair d'este sitio sin ll'arrincal'as mós.

CLIMENTE

Vostede perdone, pero...

D. FOLIPE

¡Que perdón nin que touro bravo! E tratar d'estar moi calado, porque si vou alá dentro e tray-o «californio» e ch'o mango pol-os focinos, quedaste mais dormido qu-o ferro d'un arado.



CLIMENTE

¡Pol'as almas, déixeme, don Folipe!

D. FOLIPE

Si me bótal'as mans os ferros, pártoc'h'un brazo. Agárrall'aquí d'a cabeza, Mingos. ¡Abre xa esa boca...!

CLIMENTE

¡Por Dios, don Folipe...!

D. FOLIPE

Soltam'os ferros. ¡Olla que che vay ser pior!  
¿Ay non fas caso? Pois esper'ahi... (Vaise don Folipe pol'a esquerda. Climente, que xa sabe que vay buscar algunha cousa conque atormental'o, éruese mais que de presa).

CLIMENTE

¿Sabedes qué máis...? ¡Que s'entenda con vos ou co-a mula, que a min os dentes fánme falta! (Vaise).

D. FOLIPE

(Entra don Folipe c'unha botella n'a man). ¡Verás ti agora como...! Pero, ¿ónde vay ese larpeiro?

PILAIRA

Inda ben non volvéchel'as costas, largouse a fuxir com'un demoro. Nin d'o sombreiro se lembrou.

D. FOLIPE

¡Pois que fuxa, que fuxa ben, que pra min é a mesma conta...! El de min non se mofa. ¡Mañan vou a casa d-el, arríncoll'os dentes, as queixadas e... a gorxa tamén! E mais ha de pagal'o meu traballo, pra que saiba que d'un home de céncea ningún fay escarnio...

TELON

BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA



BNGA00223997

B.F.-58

TITN-28604

NO PRÓXIMO VOLUME  
PUBLICARASE  
**LANDRAS E BAYAS**  
(POESÍAS)

POR

**Evaristo Martelo Paumán**



---

NOTA.—No mesmo volume, insertaremos os nomes dos  
novos traballos que levamos recibidos para o concurso.



**MÁQUINAS**  
PARA  
**ESCRIBIR**

---

Reparación y Reconstrucción  
de todos los sistemas


Accesorios y piezas de recambio

Copias--Lecciones--Abonos

---

Riego de Agua, 44  
**LA CORUÑA**

Agentes exclusivos en  
toda Galicia de los  
Motores REX



Los más renombrados a com-  
bustibles líquidos.  
Siempre en almacén los tipos  
más corrientes.

# Suárez Ferrín Hermanos

## LA CORUÑA

Fábrica del Pasaje. Productos químico-industriales.  
Lubrificantes americanos de importación directa.  
Guanos.—Sulfato de cobre y azufre para viñas.

### SECCION DE MAQUINARIA (ANTIGUA CASA MORGAN)

Máquinas y Calderas de vapor, Locomóviles.  
Motores, Trilladoras, Aventadoras, Arados.—Tractores Agrícolas.  
Especialidad en Sierras de cinta y toda clase de maquinaria  
de trabajar la madera.  
Bombas en general, Tubería negra y galvanizada.  
Cabrestantes y Poleas diferenciales.  
Material de Minas, Cables, Ventiladores, Robinería de bronce  
Transmisiones modernas, Correas y Coginetes de toda clase.  
Accesorios de toda clase para máquinas y Calderas de Vapor,  
Grifos, Válvulas, Manómetros, Inyectores, etc.  
Grandes existencias de todos los artículos.

Sánchez Bregua, 10 y 11—Picavía, 3 y 4



**SIEMPRE** la CALIDAD **MEJOR**  
al PRECIO